

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN, A ASOCIACIÓN
GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE
EMPRESAS DE ENVASADO DE AGUA MINERAL NATURAL PARA A ASISTENCIA
DUNHA DELEGACIÓN DO SECTOR DAS AUGAS MINERAIS E TERMAIS DE GALICIA Á
20ª FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, SAÚDE E BENESTAR.**

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2022

REUNIDOS:

Don _____, en representación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, dona _____, actuando en nome e representación da Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia en virtude do seu cargo de presidenta, segundo o acordado na Asamblea Xeral Ordinaria do día 04/06/2021, e don _____, actuando en nome representación da Asociación Gallega de Empresas de Envasado de Agua Mineral Natural, en virtude do seu cargo de presidente, segundo o acordado na Asamblea Xeral Ordinaria do 06/07/2022.

Todos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de



actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.

Segundo.- O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (en diante VCEII) configura esta como o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio de funcións en materia de recursos minerais e augas minerais e termais.

As competencias en dita materia están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Terceiro.- A Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, cuxos membros son persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade da Propiedade Balnearia, no ámbito da Autonomía Galega, mediante a explotación de mananciais con declaración de auga mineromedicinal, e na que figura entre os seus obxectivos, segundo reflicte o artigo 3 dos seus estatutos, a promoción e defensa da imaxe e o prestixio do sector que representa.

Por outra banda, a Asociación Gallega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural, (en diante AGAMIN) constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, cuxos membros son empresas que exercen a actividade de envasadores de augas minerais naturais no territorio galego, e na que figura entre os seus obxectivos, segundo reflicte o artigo 3 dos seus estatutos, defender, promover e salvagardar os intereses xerais da Asociación e seus membros fronte a terceiros e a entidades ou organismos particulares e e oficiais de toda índole.

Tanto a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia como AGAMIN, conscientes da necesidade de impulsar e promover a competitividade do sector augas minerais e termais en Galicia, consideran necesario levar a cabo unha serie de actividades, entre as que se atopa a participación en eventos feirais que fomenten a dinamización e internacionalización dos balnearios e da industria de envasado de



auga mineral natural, sendo unha destas actividades a participación cun stand propio na 20ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar.

Cuarto.- O desenvolvemento futuro do sector non se debe realizar dende posicións individualistas ou unilaterais, senón a través dun esforzo común de tódolos axentes implicados, xa sexan empresas, administracións, asociacións, etc, que melloren as liñas de cooperación e colaboración entre as empresas, razóns polas que as actuacións incluídas no presente convenio considéranse unha boa estratexia para o fomento da calidade das augas minerais e termais en Galicia.

As asociacións empresariais constitúen un elemento clave na consecución da integración destas estratexias entre o empresariado como medio para lograr unha maior eficacia no emprego dos recursos e na difusión de coñecementos, polo que estes son os mellores entes intermediarios para acadar os ditos obxectivos entre as empresas do sector, que son as beneficiarias últimas destas accións, sen que isto signifique o cobro de retribución algunha por parte delas.

Quinto.- A actividade a subvencionar ten un indubidable interese económico e social dado que o seu obxectivo é o impulso da industria vinculada á explotación de augas minerais e termais en Galicia, así como a dinamización e a internacionalización do sector.

Neste contexto, a Xunta de Galicia está firmemente comprometida no desenvolvemento do sector mineiro, no que se inclúe o das augas minerais e termais, coa elaboración e seguimento daquelas propostas e programas conducentes ao seu impulso. Para acadar este compromiso e lograr unha maior competitividade, a VCEII, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, está a impulsar aquelas actividades, proxectos e actuacións que fomenten a sustentabilidade no ámbito mineiro, no que se inclúen as augas minerais e termais, ou contribúan á dinamización e modernización do sector.

Tendo en consideración a finalidade que se persigue, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN constitúen as únicas entidades que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser as entidades que mellor representan ás empresas dedicadas á actividade da propiedade balnearia e a actividade de envasado de augas minerais naturais, respectivamente, por outro, ter entre os seus obxectivos, en xeral, a promoción das súas actividades o que implica o fomento do sector das augas minerais e termais en Galicia, en particular, promover accións de fomento do medio ambiente, a innovación, a prevención de



riscos laborais e a defensa da seguridade e saúde laboral dos traballadores, a responsabilidade social, os recursos humanos así como o fomento das tecnoloxías da información e a comunicación.

As razóns expostas xustifican a dificultade da súa convocatoria pública e a súa concesión a través do procedemento de concesión directa.

Sexto.- Por todo o anterior, as actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VCEII, no financiamento das ditas actuacións a través deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e a AGAMIN.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

1.- Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN para a participación na 20ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que se celebra en Ourense o 29 e o 30 de setembro de 2022.

2.- As actuacións a realizar por cada unha das entidades e que son obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

2.1 .- ACTUACIÓNS A REALIZAR POLA ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA

a) Instalación dun stand na exposición comercial

Patrocinio de stand para o sector das augas minerais e naturais de Galicia. O stand estará dotado cunha pantalla de plasma para a proxección de vídeos promocionais.

b) Realización dun vídeo de 2 minutos de duración para promover os balnearios de Galicia.



No dito vídeo amosarase a viaxe da auga para mineralizarse e acadar a súa condición de recurso mineiro, como se capta e chega ao balneario para ser empregada en baños e chorros, así como a función dos balnearios como empresas comprometidas co desenvolvemento sostible e o seu carácter de dinamizadores socio-económicos das comarcas da Galicia interior onde se atopan.

2.2 .- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR AGAMIN

a) Realización dun vídeo de 2 minutos de duración para promover as augas minerais naturais galegas.

No dito vídeo explicarase condición de recurso mineiro das augas minerais naturais galegas ao mesmo tempo que se expón a súa singularidade, amosando a viaxe da auga dende que se mineraliza ata que chega á planta de envasado. Mostrarase tamén o contido do etiquetado e a importancia de reciclar os envases para contribuír á economía circular, así como a función das plantas de envasado como empresas comprometidas co desenvolvemento sostible e o seu carácter de dinamizadores socio-económicos das comarcas da Galicia interior onde se atopan.

b) Deseño e impresión dun tríptico en galego, castelán e inglés para promover os balnearios e as plantas de envasado de Galicia.

O tríptico levará información das empresas (nome, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e páxina web), así como un mapa de situación para ubicar aos establecementos.

3.- Todo o material, tanto gráfico como audiovisual a desenvolver nestas actuacións incluírán a lenda "co financiamento de:" e a imaxe institucional da Xunta de Galicia, segundo as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.- Interese público concorrente

Nos termos descritos na parte expositiva, as actuacións descritas na cláusula anterior, consontes coas finalidades da Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e de AGAMIN, teñen como obxectivo último o fomento e a promoción da actividade do sector das augas minerais e termais de Galicia, así como a dinamización e modernización do mesmo.



Terceira.- Custo das actuacións

1.- O custo total das actuacións obxecto do convenio estímase en **VINTE E TRES MIL SETECENTOS DEZASEIS (23.716,00 €)**, IVE incluído, o cal se detalla a continuación por tipos de actuacións:

TIPOS DE ACTUACIÓNS	ORZAMENTO €
ACTUACIÓNS A REALIZAR POLA ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA	
a) Instalación dun stand na exposición comercial	3.872,00
b) Realización vídeo promocional balnearios	9.075,00
TOTAL	12.947,00
ACTUACIÓNS A REALIZAR POR AGAMIN	
a) Realización vídeo promocional plantas de envasado	9.075,00
b) Deseño e impresión trípticos.	1.694,00
TOTAL	10.769,00
TOTAL CONVENIO 2022	23.716,00

2.- Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á VCEII, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto das liñas de actuación coa limitación do 20 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida para cada tipoloxía de actuacións máis un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características das actuacións.

Cuarta.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

1.- Para o financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto deste convenio que se recollen na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da VCEII,



achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, ata un máximo de **VINTE E TRES MIL SETECENTOS DEZASEIS (23.716,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A-781.2**, proxecto 2015/00679, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final total das actuacións, calquera que sexa a causa, ditas variacións serán asumidas integramente pola Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN, sen que en ningún caso a obriga de financiamento da VCEII poda exceder da cantidade de 23.716,00 €.

3.- No suposto de que se produzan variacións á baixa no custo final das actuacións derivadas de procedementos de contratación ou doutras causas, a achega da VCEII non superará o custo final das actuacións nin excederá de 23.716,00 €.

Quinta.- Carácter da achega

De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención polo procedemento de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio.

Sexta.- Obrigas específicas da Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN

1.- Á Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e a AGAMIN correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto deste convenio e cumprir as condicións e obrigas recollidas nel.

2.- Co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio asumirán a dirección das actuacións e asignarán os medios humanos e materiais que sexan necesarios e no seu caso, poderán subcontratar ata o 100% dos servizos precisos para desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira do convenio, asumindo expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

3.- Sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio, así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de subvencións e da restante normativa aplicable, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN comprométense a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:



- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 2 de decembro de 2022.
- b) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.
- c) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Sétima.- Obrigas previas á sinatura do convenio

Con carácter previo á subscripción deste convenio, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN acreditarán, ante a VCEII, o seguinte:

1.- Que se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á VCEII para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente, consonte o artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para as mesmas actuacións obxecto do convenio.

Oitava.- Gastos subvencionables

Consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio, estean directamente relacionados co obxecto das actuacións financiadas, se correspondan coas actividades relacionadas nos epígrafes da cláusula primeira e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 2 de decembro de 2022.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Os gastos axustaranse ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do presente convenio.

Os gastos directos figurarán desagregados, por tipo de actuación e por actividades concretas, segundo os cadros 1 e 2 do anexo I do texto deste convenio.

O imposto sobre o valor engadido considerarase subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte das entidades beneficiarias.

Novena.- Obtención doutras subvencións ou recursos

En aplicación do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a percepción desta axuda será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a menos que as posteriores axudas se destinen a unha ampliación ou mellora da actividade subvencionada e sen que en ningún caso se rebase o custo.

A Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN deberán comunicar á VCEII a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a súa sinatura.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento das anteriores circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



Décima.- Facultades de inspección e control

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, as entidades beneficiarias estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN deberán prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

Décimo primeira.- Transparencia e publicidade da colaboración

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da VCEII, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da VCEII e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Relación laboral coa consellería

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



Décimo terceira.- Conta xustificativa

1.- A Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e AGAMIN terán de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 2 de decembro de 2022.

2.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a presentación por parte da Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia e de AGAMIN da seguinte documentación:

- Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo o modelo recollido no anexo I, que inclúa o seguinte:

b.1) Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán en detalle as actividades concretas realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución das actuacións financiadas, conforme á desagregación orzamentaria establecida na cláusula terceira do convenio.

Incluirá a xustificación sobre o impacto da axuda de cara á consecución da finalidade perseguida e do cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase material audiovisual, gráfico, folletos, programas, fotografías ou calquera entregable que se deriven ou se elaboren con ocasión do desenvolvemento das actividades.

b.2) Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterá unha relación clasificada das actividades realizadas e dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por actividade e entregarase en formato dixital, como folla de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no anexo I.

Xunto con esta memoria deberase achegar copia dos documentos



acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente. Estes documentos de gasto ordenaranse seguindo a mesma orde que a indicada na relación clasificada dos gastos.

En calquera caso, o importe xustificado de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, o beneficiario deberá presentar o correspondente Certificado de estar exento do pago do mesmo.

b.3) Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

O nomeamento do auditor farase por parte das entidades beneficiarias. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa non terá a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas normas de actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información lle solicitou o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionarse tal circunstancia con indicación da información omitida.



Así mesmo incluírá o resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

- Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e achegala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para as actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- Declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para as mesmas actuacións obxecto do convenio.
- Certificados de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á VCEII para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente, consonte o artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.
- Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os órganos competentes da VCEII poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Décimo cuarta.- Pagamento

O pagamento da achega económica da VCEII realizarase, de conformidade co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que



desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe máximo e coas condicións establecidas na cláusula terceira deste convenio.

Décimo quinta.- Perda do dereito ao cobramento

Segundo o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.

Décimo sexta.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Sempre e cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial segundo os seguintes criterios:
 - O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
 - A realización de gastos fora do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fora de prazo.
 - A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula décimo terceira deste convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- b) Incumprimento das obrigas recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.
- c) No caso de que tivera lugar a concorrencia doutras axudas que puideran superar o custo das actuacións, a achega da VCELL minorarase na cantidade correspondente. O beneficiario, de ser o caso, terá que reintegrar as cantidades correspondentes e os xuros de demora dende o momento do pago



da axuda.

Décimo sétima.- Comisión de seguimento

1.- A comisión de seguimento estará formada por un representante da VCEII, un representante da Asociación Galega de la Propiedad Balnearia e un representante de AGAMIN .

A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.- As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio

Décimo oitava.- Extinción do convenio e causas de resolución

1.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- d) Calquera outra causa previstas nas leis

De resolverse o convenio, a VCEII poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo novena.- Vixencia do convenio

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 2 de decembro de 2022. Consonte ao recollido no apartado 3.a) da cláusula sexta,



admitiranse actividades anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2022.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Vixésima.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola VCEII, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento, e en proba de conformidade, asínase polas partes, en triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.



O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

A presidenta da Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia

O presidente da Asociación Gallega de Empresas de Envasado de Agua Mineral Natural

ANEXO I

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN, A ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA PROPIEDAD BALNEARIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE ENVASADO DE AGUA MINERAL NATURAL PARA A ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN DO SECTOR DAS AUGAS MINERAIS E TERMAIS DE GALICIA Á 20ª FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, SAÚDE E BENESTAR.

D., como representante de..... con NIF enderezo en e beneficiaria do Convenio de Colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación por un importe de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por importe de€ e, en cumprimento do disposto na cláusula décimo terceira do devandito convenio, rende ante a dita Consellería a conta xustificativa do gasto realizado composto por unha **Memoria de Actuacións** que se acompaña e unha **Memoria Económica abreviada** xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña e que inclúe o Cadro 1, así como o correspondente **Informe de Auditor**.

En....., a de de 2022



CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS

Nome do beneficiario:

NIF do Beneficiario:

Orzamento subvencionable

Tipo de actuación:

REF. (1)	Nome da actividade	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado	
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
8												
9												
10												
XX												
TOTAL PÁXINA												

NOTAS explicativas:

1. Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
2. Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
3. IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria



ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

A.- PROCEDEMENTOS

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitude da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

1. Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido da dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas, para o que deberá proceder a verificar a existencia dalgún tipo de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros, que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

2. Memoria económica abreviada.

- a) Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.
- b) Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificandos e do seu pago e que os devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.



c) Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.

d) Que os custos indirectos se imputaron polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Ao responder a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se comprobará que o seu importe atópase desagregado adecuadamente na conta xustificativa.

e) Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

f) Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se comprometera a unha concreta distribución dos mesmos.

g) Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados. Dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia. De non estar permitida a subcontratación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará ao longo da súa revisión a concordancia da información contida nesta declaración, co obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

h) Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificados e a natureza das actividades subvencionadas.

3. Solicitude ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.

O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

4. Revisión do certificado de taxación de bens inmoables, no seu caso.



5. Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.

6. Carta de manifestacións.

Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

7. Outros procedementos.

Ademais comprobará:

- O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada para os gastos obxecto da subvención.
- O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e de selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración da prorrata do IVE (modelo 390).
- No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de contratación do sector público, o seu cumprimento.
- Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:
 1. A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de Galicia.
 2. A chegar á información económica da Memoria co conseguinte detalle de gastos e investimentos nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a actividade subvencionada, coa mesma desagregación e formato que se lle esixe ao beneficiario principal.

B.- ANÁLISE DOS DATOS

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de gastos e pagos.

Consideraranse, á hora de realizar a análise, os **conceptos, custos directos, custos de persoal e custos indirectos.**



- **Aspectos a analizar:**

- a) **En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:**

3. Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
4. Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo o convenio de colaboración.
5. Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na relación de gastos. O estampillado incluírá a porcentaxe de financiamento da Xunta de Galicia.

- b) **En canto aos pagos:**

6. Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no convenio.
7. Non se admiten os pagamentos en efectivo.
8. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.
9. No caso de axudas concorrentes, verificará que non existe duplicidade de facturas.
10. O beneficiario facilitará ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

C.- CONTIDO DO INFORME

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso, o importe en gastos de persoal aos que se fai referencia na



cláusula décimo terceira, punto primeiro, segundo parágrafo, e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.

Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente:

O auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.